

GóisOrosoArte 2013 abre as súas portas

O certame internacional **GóisOrosoArte 2013** converterá un ano máis a Oroso no centro da cultura e da arte na Península. Entre o 13 de setembro e o 4 de outubro, todos os que se acheguen polo centro cultural de Sigüeiro poderán disfrutar dunha selección de obras de recoñecidos artistas internacionais en distintas modalidades artísticas: pintura, escultura, ourivería... Unha selección internacional á que haberá que engadir tamén varias obras realizadas por artistas galegos. A inauguración do certame terá lugar na tarde do venres 13 de setembro e correrá a cargo do alcalde de Oroso, Manuel Mirás, que estará acompañado por unha delegación de autoridades do municipio de Góis. A asistencia ao acto, que comezará ás 20:00 horas no centro cultural de Sigüeiro, é totalmente libre.



SUSI GESTO, representante de Oroso en GóisOrosoArte

“Que un ourive represente un certame así xa é un orgullo”

- **Que supón ser a representante do Concello de Oroso no GóisOrosoArte 2012?**

- A min me interesou moito o **irmanamento con Góis**. A ourivería galega ten moita ligazón con Portugal, pódese dicir que as nosas orixes están nos ourives portugueses. Que un ourive represente un certame artístico xa é un orgullo.

- **Este tipo de certames son importantes para a promoción dos artesáns?**

- Eu penso que si, porque dá a coñecer a nosa obra e mesmo nos motiva a facer cousas diferentes para a exposición. Eu fixen unha peza que non é para vender, é porque eu quería facelo.

- **Estes tempos de crise tamén estarán a afectar ao sector, non si?**

- É complexo. Cando hai crise, a xoiería é do primeiro do que prescinden. Son tempos de loita. Por iso o nome da peza que presentei a GóisOrosoArte se chama “Alento”.

- **Pensas que o público diferencia estas creacións artesáns da produción en serie?**

- Creo que os traballos coas mans son cada vez máis valorados pola xente. Vén a humanidade que hai tras deles e penso que é un valor en alza. Unha vez preguntei no Facebook que é unha xoia? e a xente non falaba de materiais, senón de algo máis. Nos últimos anos estamos vendo unha gran reacción da xente aos obradoiros que organizamos. Fixémolo en Portugal, na Troita... é moi emocionante ver as súas caras cando converten as súas ideas en pezas reais. É moi satisfactorio traballar coa xente.





Retomadas as obras das beirarrúas de Senra



O alcalde Manuel Mirás Franqueira e o concelleiro de Vías e Obras, Eduardo Veiras, reuníronse con responsables de OPAIN, empresa adxudicataria do proxecto para rematar a construción das **beirarrúas de Senra**. "Estivemos vendo sobre o terreo o que está feito e o que queda por facer. Agora esperamos que a empresa remate definitivamente estas obras canto antes", explica Manuel Mirás, quen agradece "a paciencia dos veciños e veciñas por todas as molestias que levan sufrido con estas obras". Os traballos consisten na construción de 1,6 kms de beirarrúas a cada lado da estrada DP-3801 Sigüeiro-San Mauro. O proxecto inclúe tamén a instalación de recollida de pluviais e fecais, así como o soterramento do alumeadado público. As obras foran paralizadas a finais de 2012 debido á entrada en concurso de acredores da empresa que gañou o concurso de licitación convocado pola Deputación.



Ciclismo por partida dobre: Volta a Galicia e Trofeo de Oroso



O ciclismo será o deporte protagonista deste mes de setembro en Oroso... e por partida dobre. Para ir abrindo boca, a XIII Volta Ciclista a Galicia, que se disputará do 13 ao 15 de setembro, pasará polo municipio. Un ano máis, a gran proba organizada pola **Federación Galega de Ciclismo** para competidores Élite Sub 23 voltará a pasar por Oroso. E o sábado 28 de setembro terá lugar o Trofeo Concello de Oroso de ciclismo, no que participarán competidores das categorías cadete, júnior e elite-sub 23. Consulta a nosa web (www.concellooroso.com) para coñecer os horarios e os mellores lugares por onde pasarán os ciclistas.



Máis de 50.000 euros para mellorar o parque infantil de Sigüeiro



O Concello de Oroso vai investir máis de 50.000 euros na mellora do gran parque infantil de Sigüeiro, situado a carón da Alameda de Góis, no inicio do Paseo do Carboeiro. Se hai uns meses se incrementou o número de xogos para os cativos e se realizou un novo peche da contorna do parque, agora a principal actuación será substituír a area do chan por un solo de caucho especialmente pensado para a seguridade dos máis pequenos. "Estamos pendentes de formalizar o contrato pero agardamos que as obras estean rematadas neste mesmo mes de setembro", adianta o concelleiro de Vías e Obras, Eduardo Veiras.



Melloras en Gándara, Oroso e Pasarelos

O Concello de Oroso está a acometer distintas actuacións de mellora nas parroquias de Gándara, Oroso e Pasarelos. En Gándara ten previsto dotar de alumeadado público á primeira das entradas á urbanización Porto Avieira, xusto onde remata a senda peonil. En Pasarelos xa se bacheou a súa estrada principal ata o linde con Frades. E en **Oroso** vanse investir 170.000 euros na instalación de saneamento en A Igrexa, no adencentamento e ampliación de viais na parroquia e na instalación dunha rede de evacuación de pluviais en A Penela e O Cruceiro.





Vázquez confírmalle a Mirás que as obras do novo colexio estarán rematadas en xullo de 2014

O conselleiro de Educación, Xesús Vázquez, e o alcalde de Oroso, Manuel Mirás, **visitaron a finais de agosto** as obras do novo CEIP de Sigüeiro, que contan cun orzamento de máis de 4,8 millóns de euros. Unha visita na que o alcalde celebrou o anuncio feito polo conselleiro de que os traballos estarán rematados en xullo de 2014,

O polideportivo e o ximnasio poderán ser usados polos veciños fóra do horario lectivo

polo que o centro comezará a funcionar no curso escolar 2014-2015. Mirás destacou que "unha das cousas que máis me gusta deste colexio,

ademais da súa situación céntrica, é que o polideportivo e o ximnasio contarán con acceso individualizado, polo que poderá ser utilizado non só pola comunidade educativa, senón pola veciñanza en xeral de Oroso fora das horas lectivas escolares".

O novo colexio é froito dun **convenio de colaboración** suscrito polo alcalde de Oroso e a conselleira de Educación en 2008, Laura Sánchez. Situado nunha parcela de 9.100 m2 cedida polo Concello de Oroso a carón do paseo do Río Carboeiro, o novo colexio disporá de 12 aulas de primaria e 6 de infantil con capacidade para 450 alumnos/as.



Aberto o prazo de inscrición nos obradoiros municipais



O Concello de Oroso convoca unha nova edición dos seus obradoiros municipais, nos que este ano contaremos co Teatro como novidade (aínda pendente de confirmar os horarios e con oferta para nenos e maiores). A oferta é variada: debuxo e pintura, bolillos, cestería, patchwork, arte floral,

manualidades, abalorios e bailes de salón. O prezo para os empadroados é de 20 euros por mes e para que unha actividade se leve a cabo é preciso reunir a 15 persoas. Tes ata o 19 de setembro para anotarte no centro cultural de Sigüeiro ou no 981 69 09 03.

AULA DE MÚSICA CURSO 2013/2014
PRAZO DE INSCRICIÓN: DO 2 AO 6 DE SETEMBRO
PRAZAS LIMITADAS POR MODALIDADE
POR RIGOROSA ORDE DE ENTRADA. DAS SOLICITUDES NO REGISTRO MUNICIPAL.
PREFERENCIA AOS EMPADROADOS/AS NO CONCELLO
 Máis información no centro cultural no 981 690 903 ou na páxina web: www.concelloorosos.com

ORGANIZA: **OROSO**

BOS DIAS COLE CURSO 2013/2014
INSCRICIÓN
 PRAZO: ATA O VINDEIRO 6 DE SETEMBRO
 FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE NAS OFICINAS DO CENTRO CULTURAL DE LUNS A VENRES DE 09:00 A 14:00H.
DOCUMENTACIÓN:
 FOTOCOPIA DA TARXETA SANITARIA
 MODELO DE SOLICITUDE
 CARTA DOMICILIACIÓN
 SERÁ PRECISO PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN NO REGISTRO MUNICIPAL.
 A RESERVA DA PRAZA FARASE POR ORDE DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE NO REGISTRO.
 ORGANIZA: **OROSO**
 COLABORA: **DEPUTACIÓN DE OROSO**

Prevención de Riscos Laborais Sector Construción
Curso Homologado
 Curso para reducir o risco profesional de Construción
Matrícula 90 €
CURSO SEMIPRESENCIAL
 30 horas presenciais
 40 horas a distancia
 Inicio: 12 de Setembro
 Casos presenciais: 12, 13 e 26, 27 Setembro
 Horario: 9:00 - 14:00
 Lugar de Impartición: Centro Cultural Fernando Casas Novas
 Máis información
 Servizo Social Concello de Oroso
 981 69 09 03
OROSO

Foi noticia...



Gran participación na Semana Cultural

A **Semana Cultural** volveu encher as rúas de Oroso de teatro, maxia, inchables, música, excursións, obradoiros, deporte, festa da escuma... Pero máis aló do amplo programa de actividades gratuítas deseñado polo Concello de Oroso, o máis importante foi a gran participación veciñal rexistrada nas distintas actividades. Nenos e maiores disfrutaron por igual dunha programación cultural pensada para todos os gustos e idades.



Actividades da Semana Cultural



O Aquagym de balde foi o gran descubrimento deste verán. Comezou con poucos seguidores pero rematou con dúcias de fans que mesmo motivaron que o Concello ampliase a oferta ás tardes.



Un total de 24 nenos e nenas viaxaron a Porto do Son para participar no campamento organizado polo Concello de Oroso. Disfrutaron de tiro con arco, piragüismo, sendeirismo, xogos, multiaventura...



O Concello aproveitou este mes de agosto para facer unha nova **limpeza xeral** das beirarrúas do municipio, que se suma ás que realizan a diario os servizos de limpeza municipais.

Axenda: Setembro

2 Apertura inscricións na Aula de Música

6 Fin do prazo de inscrición Bos Días Cole e na Aula de Música

9 Fin do prazo de inscrición en Bo Proveito

12 Curso de prevención de riscos laborais

13 Inauguración GóisoArte (20 h.)

Curso de prevención de riscos laborais

14 XII Volta Ciclista a Galicia

19 Fin inscrición obradoiros municipais

26 Curso de prevención de riscos laborais

27 Curso de prevención de riscos laborais

28 Trofeo de ciclismo Concello de Oroso

... e en outubro:

SÁB. Programa de Animación á Lectura